

## Proxecto de actividades para o fomento da lingua galega 2020/2021

- ✓ Participación en actos nos que se convida a persoas que, vivindo en galego, teñan acadado certo éxito social ou profesional e poidan servir como modelos positivos e axuden a superar prexuízos (deportistas, artistas, escritores, cantantes, etc.)
- ✓ Hora de ler, asignando un tempo concreto en cada nivel
- ✓ Clube de lectura cos nenos de Secundaria e Bacharelato onde se ofrezca a posibilidade de amosar a reflexión que cada un fai do que le, relacionándoo coas súas experiencias, o coñecemento que ten sobre a realidade exposta ou as sensacións que suscitan os personaxes, o lugar, o tempo, o modo da narración, etc.
- ✓ Convocatoria de concursos literarios para o Día da Lectura, Homenaxe a Carballo Calero, literato homenaxeado nas Letras Galegas 2020/21, e Día do Libro.
- ✓ Colaboración e uso da Biblioteca do colexio e das bibliotecas de aula
- ✓ Representacións teatrais de *O Apalpador* e *O Valo*, ámbalas dúas obras de Carlos Labraña e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* de Carlos Casares
- ✓ Sesións de contacontos
- ✓ Participación na revista escolar Andoriña
- ✓ Participación activa na XXVI Día da Lectura
- ✓ Colaboración e participación na XXI Semana da Ciencia
- ✓ Festa literario-lúdica co gallo do Día das Letras Galegas
- ✓ Festexo de datas significativas (Día internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller *25 de novembro* cun paralelo 'Manifesto Máis alá', Día da Non Violencia e a Paz *30 de xaneiro*, Día Internacional da Muller *8 de marzo*)
- ✓ Visitas culturais -virtuais se as circunstancias obrigan- nas que o interese recaia no patrimonio cultural, literario, antropolóxico e natural galego: Roteiro literario por Panxón, Paseo literario por Rianxo, Celanova literario e etnográfico, Padrón e Rosalía
- ✓ Programa "Libro libre" no que se implican os alumnos de 1º e 2º de Secundaria elixindo libros que eles mesmos propoñen

- ✓ Programa de lecturas obrigatorias sobre as que se realizan diferentes actividades: proxectos que inclúen comentarios sobre a época, o autor/a, análise do contido; representación, escenificación, adaptación, interpretación ou calquera posta en escea do conto elixido/asignado.
- ✓ Realización de proxectos, relacionados coa cultura galega como o Samaín, Nadal, Entroido, etc. en colaboración coas familias onde se solicita un acompañamento, sobre todo, nas idades máis temperás
- ✓ Transmisión periódica de información acerca das novidades bibliográficas en galego que se recollerán na páxina web
- ✓ Organización de exposicións relacionadas coa cultura galega: fotografías, viñetas humorísticas, documentos etc.
- ✓ Promoción de encontros e debates e organización de conferencias relacionadas coa cultura galega
- ✓ Realización de traballos interdisciplinares de investigación e recollida de datos nos distintos niveis (refrásns, contos, toponimia, alcumes etc.)

Coidamos que coa posta en práctica deste amplo programa de actividades conseguiremos que os que formamos parte da Comunidade educativa Amor de Deus cheguemos a facer da nosa lingua, da nosa cultura e do noso patrimonio un fogar no que todos nos sintamos ben.

